XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 22 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido Popular contra o Bloque Nacionalista Galego por unha posible infracción do artigo 53 da LOREG.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Partido Popular formaliza denuncia contra o Bloque Nacionalista Galego na que manifesta que *«dende hai varios días e unha vez convocadas as eleccións ao Parlamento de Galicia, o BNG ven colocando pancartas en distintas localizacións de diferentes concellos de Galicia que constitúen propaganda electoral. Os soportes comerciais conteñen as seguintes manifestacións:*

"RUEDA VAI A MADRID RECIBIR ORDES DO PP. ANA PONTÓN VAI NEGOCIAR MELLORAS PARA GALIZA"

"O BNG CONSEGUÍU EN MADRID A REBAIXAS DAS PEAXES DA AP-9"

"O BNG CONSEGUÍU EN MADRID TREN DE CERCANÍAS ANTES DE 2028"»

O denunciante afirma que *«as lendas dos soportes conteñen slogans publicitarios do BNG e o logotipo da dita formación política que incorren na prohibición establecida no artigo 53 LOREX. A mención expresa dos candidatos do Partido Popular e do BNG, que concorren a estas eleccións, evidencian que se tratan de carteis publicitarios encamiñados á captación de sufraxios que teñen sido contratados pola formación política denunciada infrinxindo o citado precepto legal.*

Os carteis contratados, que teñen custo económico na súa elaboración, inclúen manifestacións tendentes a captar sufraxios con mensaxes que reflexan a intención de persuadir aos electores para apoiar á dita formación política e foron contratados e colocados unha vez convocadas as eleccións ao Parlamento de Galicia.

Os anuncios tratan de desprestixiar ao Partido Popular e captar votos para a formación política do BNG, intentado facer crer aos electores que as súas actuacións serían máis beneficiosas no caso de acadar o goberno da Xunta de Galicia, o que constitúe, sen lugar a dúbidas, propaganda electoral pagada, xa que a elaboración das pancartas ten un custo económico evidente.

Resulta evidente que os carteis pretenden desprestixiar a formación política do Partido Popular e ao seu candidato e mellorar a imaxe do BNG e da súa candidata, Dona Ana Pontón, tratando de convencer á cidadanía con esta actuación e captar sufraxios. Non se pode considerar, polo tanto, que a actividade forma parte da actividade ordinaria da formación política.»

Engade que *«o feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa ou*

indirectamente pretenda a captación de sufraxios. A inclusión das mensaxes reflexan a intención de persuadir ao elector en orde á apoiar á formación política anunciante, buscando a súa reacción en contra doutras formacións políticas de signo contrario, mediante a colocación das pancartas publicitarias en lugares públicos visibles, e aínda máis, non permitidos para a colocación de anuncios.

Atopámonos ante publicidade e propaganda electoral que teñen a consideración actos expresamente prohibidos pola LOREX para todas as formacións políticas.»

En consecuencia, solicita que *«se requira á formación denunciada que retire a dita publicidade, que e se incoe o procedemento sancionador correspondente polos feitos expostos ou, no seu defecto, que se aperciba á formación denunciada a que se absteña de realizar actos desta natureza.»*

2. O 18 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á representante xeral do Bloque Nacionalista Galego copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións.

3. Cumprindo o trámite concedido, o Bloque Nacionalista Galego formulou alegacións (RE 292) nas que manifesta *«que a colocación das pancartas á que se refire a denuncia non supón ningunha contratación comercial, pois están en lugares públicos sen que medie contratación ningunha para a súa colocación nin pago algún para esa colocación, non se trata de mupis, nin vallas publicitarias nin de ningún outro tipo de soporte comercial. Así mesmo, tampouco están colocadas en lugares reservados pola administración electoral para o reparto de espazos para as formacións políticas.*

As pancartas denunciadas non teñen lemas de campaña nin precampaña, nin referencia ao proceso electoral, trátase ademais, como xa se dixo na anterior denuncia presentada contra esta formación política de actividade ordinaria desta formación política, na que ademais non se está a solicitar o voto, non se usan lemas nin se está a facer referencia ningunha ao vindeiro proceso electoral, polo que non pode considerarse publicidade electoral dirixida ao proceso do 18 de febreiro constituíndo práctica habitual desta formación dar a coñecer por diferentes medios, redes sociais, pancartas, distribución de folletos etc... a actividade ordinaria realizada, incardinada neste caso concreto ao acordo de investidura no Congreso, ámbito competencial diferente ao proceso electoral en que estamos, de feito as referencias son todas a materias de competencia estatal e non da Xunta, e cuestións de actualidade política das que se está a falar nestes momentos e que teñen que ver co acordo de investidura no Estado.»

Engade que *«a convocatoria dun proceso electoral non paraliza toda a actividade política, podendo as formacións continuar coa súa actividade habitual, no exercicio da súa liberdade de expresión, participación política, dereitos de reunión e manifestación, etc... A colocación de pancartas non son actos electoralistas en si mesmos, é actividade política, que se realiza en diferentes momentos independentemente da convocatoria ou non dun proceso electoral, e no caso concreto, respectando a Lei Electoral, sen que medie contratación, e difundindo mensaxes que teñen que ver co ámbito estatal.*

Dito o anterior, e dado que hai unhas pancartas que fan referencia a dous dos candidatos que se presentan ao proceso electoral do 18 de febreiro, que é a que pon : "Rueda vai a Madrid recibir ordes do PP. Ana Pontón vai negociar melloras para Galiza." esta parte, a pesar de entender que constitúe crítica política lexítima, que forma parte da actividade ordinaria e habitual, e que non media contratación de ningún tipo na súa colocación, está procedendo á retirada das mesmas (achéganse fotos da retirada).

Se ben, coas outras pancartas colocadas, entendemos que non conteñen lema, nin referencia ao proceso electoral, que está realizada e colocada cos medios propios da formación política, que fai referencia a cuestións negociadas no ámbito estatal para a formación de Goberno no Congreso do Estado, e polo tanto constitúe actividade ordinaria festa formación política, a través da cal se da a coñecer a actividade desta formación, exercendo os dereitos de liberdade de expresión e de participación política.»

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Con carácter previo esta xunta electoral considera que en virtude do disposto no artigo 18.a) e 18.h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e da información achegada nesta denuncia da que se desprende que a formación política denunciada mantivo activas inserciónns publicitarias na vía pública de diferentes localidades de Galicia, esta xunta electoral é competente para o seu exame e resolución.

Segundo. O artigo 53, parágrafo segundo, da LOREX prohibe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña electoral a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no senso de que «*durante el referido período, las formaciones políticas y las candidaturas no podrán contratar directamente ni a través de tercero, espacios, soportes o sitios para la difusión de publicidad o propaganda electoral, ya se realice en lugares públicos (jardines, plazas, parques, etc.), ya en soportes comerciales de cualquier tipo, sean vallas, muebles urbanos para la presentación de información (mupis), objetos publicitarios iliminados (opis), cabinas, medios de transporte o similares. Tampoco está permitida la inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales*.» (Primeiro.2 da Instrución).

Terceiro. A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023:

"*No es posible aceptar los argumentos de la formación denunciada, puesto que expresamente el artículo 53 en su segundo apartado excluye la posibilidad de invocar como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios digitales, "el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones". La finalidad de este precepto es reducir los gastos electorales hasta el periodo estricto de campaña electoral, sin que se pueda eludir la prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias de la formación política o que las inserciones efectuadas no están dirigidas a la generalidad de los votantes. El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política. Esta actividad resultaría legítima si se hiciera dentro del perfil o de la página del partido, pero al tratarse de una contratación comercial incurre en la prohibición en el artículo 53 de la LOREG, como reiteradamente ha tenido ocasión de señalar la Junta Electoral Central en numerosos Acuerdos (Acuerdos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de junio, 17 de octubre, 23 de octubre y 30 de octubre de 2019, así como, más recientemente, 26 de abril de 2023*)".

Cuarto. Respecto da denuncia formulada, a Xunta Electoral de Galicia entende que:

a) Da alegación da representación do BNG de que a colocación das pancartas non supuxo ningunha contratación comercial, non cabe inferir que non houbo ningunha. A mera existencia das pancartas e a propia natureza xurídica dun partido político evidencian que, para súa elaboración, houbo unha contratación, con independencia de que para a súa colocación e permanencia nos lugares públicos nos que se atopaban, non mediase ningunha contratación.

b) A colocación de carteis en diferentes localidades de Galicia cos slogans transcritos incluíndo o logotipo da citada entidade política coa mención expresa da Sra. Pontón e do Sr. Rueda que son, pública e notoriamente, membros de do BNG e do PP, respectivamente, e partidos que concorren a estas eleccións, pon manifesto que se trataba dunha publicidade efectuada cunha clara intencionalidade electoral: persuadir ás potenciais persoas electoras a que se decanten a favor da entidade política que difundiu esas mensaxes en detrimento da outra e, xa que logo, captar o seu voto.

c) Non é posible aceptar tampouco os argumentos da formación denunciada de que se trata da actividade ordinaria do partido, posto que expresamente o artigo 53 exclúe a posibilidade de invocar como xustificación da contratación de publicidade de propaganda electoral, "*el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones*". A finalidade deste

precepto é reducir os gastos electorais ata o período estrito de campaña electoral, sen que se poida eludir a prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias da formación política ou que os rótulo non están dirixidos á captación de votos. O feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa o indirectamente pretenda a captación de sufraxios (art. 50.4 de la LOREG). No presente caso, na primeira das pancartas inclúese unha mensaxe vinculada ao BNG é a Sra. Pontón que reflicte a intención de persuadir ao elector para apoiar á esta formación, buscando a reacción do potencial electorado en contra da entidade política da que forma parte o Sr. Rueda.

d) O feito de que a representación do denunciado manifestase que se estaban retirando as pancartas que facían mención ás citadas persoas non invalida, obviamente, o feito de que no momento da presentación da denuncia se estivesen exhibindo en diversos lugares da vía pública.

e) As restantes pancartas: *O BNG conseguiu en Madrid a rebaixas das peaxes da AP-9* e *O BNG conseguiu en Madrid tren de cercanías antes de 2028,* forman parte da actividade propia nun partido político, sen que teñan unha clara connotación electoral.

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

ACORDO

Estimar parcialmente a denuncia e declarar que o Bloque Nacionalista Galicia vulnerou o art. 53 da LOREX no referido publicidade realizada a través da primeira das pancartas antes indicada, sen que se aprecie infracción electoral na publicidade das dúas restantes. Consecuentemente, instar a que, de forma inmediata, se retire da vía pública a primeira desas pancartas que, segundo o manifestado pola representación dese partido, xa comezara a quitar. Atendida esta circunstancia, non procede incoar un procedemento sancionador.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:00 horas do próximo día 23 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal